

PROXECTO DE ORDE do ...de marzo de 2018 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento da Dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

TEXTO:

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica os artigos 133, 134 e 135 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, relativos á selección da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas nesta lei, os requisitos para ser candidatos a director e o procedemento de selección. No artigo 135.1 establécese que para a selección das direccións nos centros públicos, as administracións educativas convocarán concurso de méritos e establecerán os criterios obxectivos e o procedemento de selección, así como os criterios de valoración dos méritos do candidato e do proxecto presentado.

Procede convocar concurso de méritos para seleccionar as direccións dos centros que rematan o seu mandato no actual curso académico 2017-2018 e non solicitaron a correspondente prórroga e aquelas direccións que rematan o seu mandato de carácter extraordinario ou accidental.

A convocatoria axústase ao previsto na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e aos preceptos que se manteñen vixentes do Decreto 29/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Na súa virtude, esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro. *Convocatoria*

Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear as direccións dos centros docentes públicos onde se imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se relacionan no anexo I a esta orde.

A selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Segundo. *Requisitos para ser candidata ou candidato á Dirección*

1. Para participar neste concurso de méritos para ser nomeada directora ou director dun centro docente público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser funcionaria ou funcionario de carreira dun corpo docente a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como funcionaria ou funcionario na función pública docente.

c) Ter impartido docencia directa como funcionaria ou funcionario, durante un período de polo menos cinco anos, nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro a que se opta. Para estes efectos, enténdese que as funcionarias e funcionarios responsables da orientación educativa e profesional imparten docencia directa.

d) Estar en situación de servizo activo e estar prestando servizos nun centro educativo ou organismo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

No suposto de estar nunha situación administrativa distinta da de activo, poderán presentarse os que reúnan os requisitos relacionados nos apartados a), b) e c) do punto anterior sempre que o último centro no se que se prestou servizos sexa dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e se reúnan os requisitos para reingresar con efectividade do 1 de xullo de 2018.

2. Para participar no concurso de méritos para ser nomeada/o directora ou director dun centro público específico de educación infantil, incompleto de educación primaria, nos de educación secundaria con menos de oito unidades, en que se imparten ensinanzas artísticas profesionais, deportivas, de idiomas ou nos centros específicos de adultos con menos de oito profesores, non se exixirán os requisitos establecidos nas letras b) e c) do punto 1 desta epígrafe.

Terceiro. *Solicitudes e documentación*

1. A solicitude de participación no concurso de méritos dirixirase á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da provincia correspondente, e poderase imprimir e descargar unha vez formalizados os datos de participación no concurso a través do enderezo web www.edu.xunta.es/cxt.

Lémbrese que para acceder a este servizo web é preciso ter conta de correo electrónico no dominio [edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) polo que, quen non a teña, deberá solicitala a través da páxina web <https://www.edu.xunta.es/contausuario>.

Xunto coa solicitude achegarase ademais:

a) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica como anexo II a esta orde, agás aqueles que xa consten na base de datos de persoal.

b) Proxecto de dirección que inclúa, polo menos, os obxectivos, as liñas de actuación e a súa avaliación. No proxecto de dirección deberá facerse referencia, entre os seus obxectivos xerais e as liñas prioritarias de actuación, ó previsto nos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

O proxecto de dirección non excederá de 30 folios DIN A4, nun tipo de letra: Times New Roman, espazo entre liñas: 1,5.

c) Calquera outra documentación que a candidata ou candidato considere idónea en interese da súa solicitude.

2. Efectuarase unha solicitude por cada centro que se demande ata un máximo de dúas.

3. Así mesmo, os participantes no concurso de méritos remitirán ao centro ou centros docentes que soliciten unha copia do seu proxecto de dirección. Este proxecto estará a disposición dos membros do Claustro de Profesores e do Consello Escolar na Secretaría do centro durante un período mínimo de 10 días lectivos, no horario que estableza a Dirección do centro.

No taboleiro de anuncios da sala de profesores exporase unha relación das candidaturas presentadas, así como o prazo e o horario en que poderán verse os proxectos de dirección na Secretaría.

4. A solicitude, xunto coa documentación a que se alude no punto anterior, poderase presentar no rexistro da Xunta de Galicia ou das súas delegacións territoriais, ou en calquera das dependencias ás que alude no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se opte por presentar a súa solicitude ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada.

Cuarto. *Prazo de solicitude*

O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Quinto. *Comisión de Selección*

1. En cada centro educativo constituirase unha comisión de selección, nomeada polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que terá como sede a localidade e local que decida a súa presidencia, e que terá a seguinte composición:

a) Unha inspectora ou inspector de Educación, designado polo xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que exercerá como presidenta ou presidente.

b) Tres inspectores ou directores de centros educativos públicos, designados polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

c) Dúas profesoras ou profesores do centro elixidos polo Claustro de Profesores, en reunión extraordinaria para estes efectos. No caso de producirse empate no número de votos repetirase unha vez a votación e de persistir o empate dirimirase por sorteo.

d) Un membro do Consello Escolar, elixido por e entre os membros do Consello Escolar. No caso de producirse empate no número de votos repetirase unha vez a votación e de persistir o empate dirimirase por sorteo.

2. Actuará como secretaria ou secretario da comisión o representante do Claustro de Profesores con menor antigüidade como funcionaria ou funcionario de carreira e, en caso de empate, o máis novo.

3. A representación do Consello Escolar do centro non poderá recaer no alumnado que estea matriculado nun curso inferior a terceiro de educación secundaria obrigatoria.

4. En ningún caso, as candidatas ou candidatos á Dirección poderán formar parte da Comisión de Selección.

5. Designaranse suplentes dos membros da Comisión de Selección en cada un dos ámbitos de representación que actuarán en substitución dos titulares cando exista causa xustificada que impida a actuación destes.

6. Aos membros da Comisión de Selección seranlles de aplicación as normas sobre abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

7. A Dirección do centro efectuará a proposta de nomeamento dos representantes do Claustro e do Consello Escolar na Comisión de Selección á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dos cinco días seguintes ao remate do prazo de solicitudes establecido na epígrafe cuarta desta orde, sen que se teñan en consideración posibles ampliacións do mesmo.

8. A non elección dos representantes do Claustro de Profesores ou do Consello Escolar non impedirá a constitución e o normal funcionamento da Comisión de Selección.

9. A composición da Comisión de Selección publicarase no taboleiro de anuncios do centro.

Sexto. Composición da Comisión de Selección en determinados supostos

Cando o número de profesorado do centro sexa inferior a catro ou o número de candidaturas á Dirección non lle permita ao Claustro elixir dous membros de entre o profesorado, a composición da Comisión de Selección será a seguinte:

a) Unha inspectora ou inspector de Educación, designado polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que exercerá como presidenta ou presidente.

b) Dous inspectores ou directores de centros educativos públicos, designados pola xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

c) Un profesor ou profesora do centro elixida polo Claustro de Profesorado.

d) Un membro do Consello Escolar, elixido por e entre os seus compoñentes.

Sétimo. Funcións da Comisión de Selección e procedemento de funcionamento

1. Recibidas as solicitudes dirixidas á xefatura territorial, a Comisión de Selección comprobará que o persoal aspirante reúne os requisitos establecidos nesta orde e notificaralle ao persoal aspirante a admisión ou rexeitamento da súa petición.

2. Contra o rexeitamento da solicitude, os aspirantes poderán presentar reclamación perante a propia comisión seleccionadora, no prazo de cinco días naturais contados desde o día seguinte ao da notificación do rexeitamento da solicitude.

3. A Comisión de Selección valorará os méritos académicos e profesionais de cada aspirante, de acordo co baremo que se publica como anexo II a esta orde.

4. A Comisión de Selección valorará, así mesmo, os proxectos de dirección, de acordo co establecido no baremo que se publica no anexo II desta orde, e poderá ter unha entrevista co profesorado que presentou candidatura se considera necesario clarificar algúns aspectos do proxecto de dirección. Cando a Comisión de Selección decida a realización desta entrevista, deberá efectualala a todos e cada un dos candidatos e candidatas.

5. A cualificación do proxecto de dirección será a media aritmética das cualificacións de todos os membros presentes da comisión. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros da comisión exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

6. Contra as puntuacións outorgadas pola Comisión de Selección poderá presentarse reclamación ante a propia comisión no prazo de dez días hábiles computados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do centro educativo.

7. Cada membro da Comisión elaborará un sucinto informe xustificativo da súa cualificación do proxecto de dirección.

Oitavo. Selección das candidaturas

1. Transcorrido o prazo de reclamacións e, se é o caso, resoltas estas, a Comisión de Selección establecerá a puntuación final obtida polos aspirantes e seleccionará a candidata ou candidato que proporá como directora ou director do centro, para o seu nomeamento pola xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. Para poder ser seleccionado e ser nomeado para a Dirección é necesario obter polo menos seis puntos no proxecto de dirección.

3. No caso de se produciren empates na puntuación total dos aspirantes, estes dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no proxecto de dirección.
- b) Maior puntuación na epígrafe 2 do baremo.
- c) Maior puntuación na epígrafe 1 do baremo.

4. Se unha candidata ou candidato resultase seleccionado para dous centros, resultará nomeado no centro no que tivese destino definitivo. De non ter destino definitivo en ningún dos centros, será nomeado no centro polo que opte, e procederase a seleccionar e nomear no centro non elixido a outra ou outro aspirante que reúna os requisitos con maior puntuación.

Noveno. *Recursos*

Contra a decisión da Comisión de Selección, en que resolve definitivamente o concurso de méritos de selección e nomeamento da Dirección do centro, cabe recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Décimo. *Nomeamento*

1. A Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria procederá a nomear directora ou director a persoa proposta pola comisión avaliadora.

2. Os nomeamentos das direccións realizaranse con efectividade do 1 de xullo de 2018 e por unha duración de catro anos, prorrogables de acordo co previsto no artigo 136 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

3. Cando o nomeamento recaia nunha funcionaria ou funcionario que non teña destino definitivo no centro, a Dirección desempeñárase en réxime de comisión de servizos.

Décimo primeiro. *Nomeamento con carácter extraordinario*

Nos supostos de ausencia de candidatos, ou cando a comisión correspondente non seleccione ningún candidato, ou nos centros de nova creación, a Dirección será nomeada pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, oídos o Claustro de Profesores e o Consello Escolar, por un período de dous anos, entre o profesorado que reúna os requisitos establecidos na epígrafe segunda desta orde.

Santiago de Compostela, ... de marzo de 2018

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Centros con praza vacante de Dirección para o curso 2018-2019

Código	Centro	Concello	Provincia
15020969	CEIP Mosteiro de Caaveiro	A Capela	A Coruña
15005038	CEIP de Prácticas	A Coruña	A Coruña
15005518	CEIP María Pita	A Coruña	A Coruña
15005701	CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma	A Coruña	A Coruña
15005014	CEIP Raquel Camacho	A Coruña	A Coruña
15032716	CEIP de Arteixo	Arteixo	A Coruña
15020933	EEI de Barrionovo	Arteixo	A Coruña
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa	A Coruña
15025074	CEIP da Igrexa	As Somozas	A Coruña
15001070	CPI de Cruz do Sar	Bergondo	A Coruña
15001616	CEIP de Escarabote	Boiro	A Coruña
15001471	CEIP Praia Xardín	Boiro	A Coruña
15032571	CRA de Boqueixón-Vedra Neira Vilas	Boqueixón	A Coruña
15032212	CRA Os Remuíños	Cabana de Bergantiños	A Coruña
15003789	CEIP Praia de Quenxe	Corcubión	A Coruña
15021809	CEIP Sofía Casanova	Culleredo	A Coruña
15006845	CEIP Isaac Peral	Ferrol	A Coruña
15023740	CEIP A Solaina	Narón	A Coruña
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	A Coruña
15026111	CRA de Narón	Narón	A Coruña
15022577	CEIP de Maciñeira	Neda	A Coruña
15010307	CEIP San Isidro	Neda	A Coruña
15010575	CEIP O Coto	Negreira	A Coruña
15023089	CEIP Luís Seoane	Oleiros	A Coruña
15025670	CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal	Oleiros	A Coruña
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	A Coruña
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	A Coruña
15013230	CEIP As Forcadas	Ponteceso	A Coruña
15025062	CEIP de Portosín	Porto do Son	A Coruña
15014180	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Rianxo	A Coruña
15023430	CEP Xosé María Brea Segade	Rianxo	A Coruña
15027551	CRA de Rianxo	Rianxo	A Coruña
15014261	CEIP Heroínas de Sálvora	Ribeira	A Coruña
15014271	CEIP Plurilingüe de Artes	Ribeira	A Coruña
15032686	CEIP Plurilingüe O Mosteirón	Sada	A Coruña
15027745	CEE A Barcia	Santiago de Compostela	A Coruña
15026509	CRA de Valdoviño	Valdoviño	A Coruña
15019086	CEIP Labarta Pose	Zas	A Coruña
15027125	IES de Viós	Abegondo	A Coruña
15001148	IES As Mariñas	Betanzos	A Coruña
15026698	IES Espiñeira	Boiro	A Coruña

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PÁX.8

Código	Centro	Concello	Provincia
15026704	IES David Buján	Cambre	A Coruña
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	A Coruña
15027770	IES A Sardiñeira	Coruña, A	A Coruña
15026421	IES Plurilingüe Rafael Dieste	Coruña, A	A Coruña
15026546	EOI de Ferrol	Ferrol	A Coruña
15025751	EPAPU Sta. María de Caranza	Ferrol	A Coruña
15021470	IES Canido	Ferrol	A Coruña
15006742	IES Concepción Arenal	Ferrol	A Coruña
15025645	IES Ricardo Carballo Calero	Ferrol	A Coruña
15006791	IES Saturnino Montojo	Ferrol	A Coruña
15006730	IES Sofía Casanova	Ferrol	A Coruña
15007621	CPI p. Cabo da Area	Laxe	A Coruña
15020854	CPI de Xanceda	Mesía	A Coruña
15027940	IES As Insuas	Muros	A Coruña
15027216	IES Fernando Esquío	Neda	A Coruña
15026391	IES Xulián Magariños	Negreira	A Coruña
15010812	IES Virxe do Mar	Noia	A Coruña
15027228	IES María Casares	Oleiros	A Coruña
15025694	IES Moncho Valcarce	Pontes de García Rodríguez, As	A Coruña
15014738	CPI Plurilingüe dos Dices	Rois	A Coruña
15032662	IES O Mosteirón	Sada	A Coruña
15025301	IES Arcebispo Xelmírez II	Santiago de Compostela	A Coruña
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	A Coruña
27002584	CEIP Virxe do Carme	Burela	Lugo
27013296	CEIP Manuel Mato Vizoso	Vilalba	Lugo
27014665	CEIP Luís Pimentel	Lugo	Lugo
27009050	CEIP Plurilingüe Monte Baliño	Pantón	Lugo
27006164	CEIP Albeiros	Lugo	Lugo
27001609	CEIP Ramón Falcón	Castro de Rei	Lugo
27013387	CEIP Antonio Pedrosa Latas	Viveiro	Lugo
27001087	CEIP Rosalía de Castro	Bóveda	Lugo
27014057	CEE Santa María	Lugo	Lugo
27000319	CEIP Plurilingüe Concepción López Rey	Baleira	Lugo
27015724	CEIP Monseivane	Vilalba	Lugo
27006735	CEIP Poeta Avelino Díaz	Meira	Lugo
27012474	CEIP Plurilingüe Virxe do Carme	Sober	Lugo
27000198	CEIP de Antas de Ulla	Antas de Ulla	Lugo
27006531	IES Lucus Augusti	Lugo	Lugo
27015891	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	Castro de Rei	Lugo
27016509	IES Marqués de Sargadelos	Cervo	Lugo
32015189	CEIP Joaquina Gallego Jorreto	Merca, A	Ourense
32011305	CEIP Tomas de Lemos	Ribadavia	Ourense
32012711	CEIP Saco e Arce	Toén	Ourense

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PÁX.9

Código	Centro	Concello	Provincia
32004830	CEIP Carlos Casares	Xinzo de Limia	Ourense
32002781	CPI Tomás Terrón Mendaña	Carballeda de Valde	Ourense
32004118	CPI Antonio Faílde	Coles	Ourense
32009360	CPI José García García	Mende	Ourense
32000058	IES de Allariz	Allariz	Ourense
32001683	IES Martaguisela	Barco de Valdeorras	Ourense
32003001	IES N°1	Carballiño, O	Ourense
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	Ourense
32008951	IES Ramón Otero Pedrayo	Ourense	Ourense
32016285	IES de Vilamarín	Vilamarín	Ourense
36018963	CEIP de Belesar	Baiona	Pontevedra
36017648	CEIP Mestre Valverde Mayo	Mos	Pontevedra
36003807	CEIP Rosalía de Castro	O Grove	Pontevedra
36017685	CEIP da Ribeira	O Porriño	Pontevedra
36014881	CEIP Plurilingüe Alexandre Bóveda	Redondela	Pontevedra
36007813	CPI Julia Becerra Malvar	Ribadumia	Pontevedra
36009913	CEIP Plurilingüe de Baño-Xanza	Valga	Pontevedra
36010125	CEIP de Fonte Escura	Vigo	Pontevedra
36010423	CEIP Valle-Inclán	Vigo	Pontevedra
36019153	EEI Rúa Hernán Cortés	Vigo	Pontevedra
36010708	CEIP Emilia Pardo Bazán	Vigo	Pontevedra
36014866	CEIP Manuel Villar Paramá	A Estrada	Pontevedra
36000302	CEP de Sabarís	Baiona	Pontevedra
36000375	CEIP da Torre-Cela	Bueu	Pontevedra
36024938	CRA de Caldas de Reis	Caldas de Reis	Pontevedra
36015950	CEIP Plurilingüe da Espiñeira-Aldán	Cangas	Pontevedra
36018446	CEIP da Armenteira	Meis	Pontevedra
36016620	CEIP da Cruz	Nigrán	Pontevedra
36014878	CEIP de Conmeniño	O Grove	Pontevedra
36024173	CRA María Zambrano	O Rosal	Pontevedra
36007242	CEIP de Viñas	Poio	Pontevedra
36018690	CEIP de Cabanas	Pontevedra	Pontevedra
36016966	CEP Carlos Casares	Salvaterra de Miño	Pontevedra
36008866	CEIP Plurilingüe A Florida	Sanxenxo	Pontevedra
36015238	CEIP de Sobrada	Tomíño	Pontevedra
36016668	CEP de Caldelas	Tui	Pontevedra
36014775	CEIP Plurilingüe de Guillarei	Tui	Pontevedra
36010459	CEIP Josefa Alonso de Alonso	Vigo	Pontevedra
36010472	CEIP Plurilingüe Ría de Vigo	Vigo	Pontevedra
36010071	CEIP Santa Mariña	Vigo	Pontevedra
36016061	CEIP A Doblada	Vigo	Pontevedra
36012407	CEIP A Lomba	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36019451	CEIP A Escardia	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PÁX.10

Código	Centro	Concello	Provincia
36013023	CEIP de San Roque	Vilanova de Arousa	Pontevedra
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	Pontevedra
36013564	CEIP Pena de Francia	Mos	Pontevedra
36004538	EEl Nosa Señora do Carne	Marín	Pontevedra
36004496	CEP de Sequelo-Marín	Marín	Pontevedra
36004472	CEIP do Carballal	Marín	Pontevedra
36019441	CEIP de Petelos	Mos	Pontevedra
36006377	CEIP Álvarez Limeses	Pontevedra	Pontevedra
36015172	CEIP A Xunqueira N.º 2	Pontevedra	Pontevedra
36019517	CEIP Santo André de Xeve	Pontevedra	Pontevedra
36024616	CRA de Ribadumia	Ribadumia	Pontevedra
36008878	CEIP Plurilingüe Cruceiro	Sanxenxo	Pontevedra
36015020	CEIP de Randufe	Tui	Pontevedra
36018161	CEP Plurilingüe Xesús Ferro Couselo	Valga	Pontevedra
36017697	CEIP Escultor Acuña	Vigo	Pontevedra
36010460	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Vigo	Pontevedra
36015044	EEl Monte do Alba	Vigo	Pontevedra
36015071	EEl Vagalume	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36011579	IES A Guía	Vigo	Pontevedra
36020362	IES de Valga	Valga	Pontevedra
36020337	IES de Salvaterra de Miño	Salvaterra de Miño	Pontevedra
36017430	IES Ricardo Mella	Vigo	Pontevedra
36006729	IES Valle-Inclán	Pontevedra	Pontevedra
36018380	IES Miguel Ángel González Estévez	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36024461	IES Audiovisual de Vigo	Vigo	Pontevedra
36019670	IES do Castro	Vigo	Pontevedra
36019396	IES Francisco Asorey	Cambados	Pontevedra
36020283	IES da Illa de Arousa	A Illa de Arousa	Pontevedra
36020143	IES de Poio	Poio	Pontevedra
36013692	IES Val do Tea	Ponteareas	Pontevedra
36009901	IES San Paio	Tui	Pontevedra
36014544	IES Indalecio Pérez Tizón	Tui	Pontevedra
36006079	CPI Curros Enríquez	Pazos de Borbén	Pontevedra
36007011	IES Pino Manso	O Porriño	Pontevedra
36020325	IES Illa de San Simón	Redondela	Pontevedra
36020349	IES de Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra
36014428	IES Val Miñor	Nigrán	Pontevedra
36019475	IES de Rodeira	Cangas	Pontevedra
36019566	IES de Chapela	Redondela	Pontevedra
36005956	CEIP Carlos Casres	Nigrán	Pontevedra

ANEXO II

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
1. Antigüidade (máximo 4 puntos).		
1.1. Por cada ano de servizos como funcionaria ou funcionario que superen os cinco exixidos como requisitos:	0,50	Fotocopia cotexada do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Por cada ano de servizos como funcionaria ou funcionario noutros corpos ou escalas docentes que impartan algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:	0,25	Fotocopia cotexada do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
2. Desempeño da Dirección de centros públicos e outros cargos directivos e de postos na Administración educativa (máximo seis puntos).		
2.1. Por cada ano como directora ou director nun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: a) no centro ao que se opta b) noutros centros	1 0,60	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.2. Por cada ano como directora ou director nun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,50	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento
2.3. Por cada ano como subdirector ou xefe de servizo en postos da Administración educativa:	0,50	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.4. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: a) no centro ao que se opta b) noutros centros	0,50 0,30	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento
2.5. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:	0,25	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.6. Por cada ano como xefe de departamento, coordinador dos equipos de normalización lingüística, coordinador de ciclo e análogos, dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:	0,15	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e de posesión e cesamento
3. Méritos académicos: máximo 1 punto.		
3.1. Por cada título de doutor:	0,50	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
3.2. Por cada título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto distinto do alegado para ingreso no corpo, ou polo certificado-diploma de estudos avanzados:	0,25	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
3.3. Por cada título de diplomado universitario ou equivalente distinto do alegado para ingreso no corpo:	0,15	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
4. Cursos de formación: máximo 3 puntos. Por cursos de formación relacionados coa función directiva organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións citadas con anterioridade, así como os organizados polas universidades: 0,05 puntos por cada 10 horas.		
4.1. Por actividades e cursos recibidos:	Ata 2	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
4.2. Por cursos impartidos:	Ata 1	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de impartición no curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
5. Corpo de catedráticos.		
Por pertencer a un dos corpos de catedráticos regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:	0,50	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial ou, se é o caso, o boletín en que apareza o seu nomeamento.
6. Servizo activo		
Por estar en situación de servizo activo	2,00	

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
7. Destino		
Por ter destino definitivo no centro ao que se concursa	2,00	
6. Proxecto de dirección.		
Polo proxecto de dirección:	Ata 12	Orixinal deste.

ANEXO III

Solicitud de participación no concurso de méritos para a selección dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na Comunidade Autónoma de Galicia

1. Datos persoais.

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
DNI	Enderezo (rúa, praza..., número, piso)		
Localidade (con indicativo postal)	Provincia	Telf. fixo	Telf. móbil

2. Datos do destino.

Destino definitivo	Corpo/especialidade
Destino provisional	Corpo/especialidade

3. Centro docente que solicita.

Orde	Código	Centro	Concello
1			
2			

..... de..... de 20...

Sinatura

Xefatura Territorial de